

Unha iniciativa de:  
**AVTE/UNINOVA**

Facultade de Ciencias Económicas e  
Empresariais de Santiago

Facultade de Administración e  
Dirección de Empresas de Lugo

**Inscripción:**

Ata o 8 de novembro de 2019

**Consultar bases en**

[www.uninova.org](http://www.uninova.org)

ou en [www.usc.es/avte](http://www.usc.es/avte)

✉ [argos@usc.es](mailto:argos@usc.es)

📌 <http://goo.gl/wDWIP>

📱 @ArgosUSC

**Tel.** 881 815 593 | 881 815 596 | 881 815 526

**avte** Área de Valorización,  
Transferencia e Emprendemento

  
**CONCELLO DE  
SANTIAGO**

  
**DEPUTACIÓN  
DE LUGO**

  
**XUNTA  
DE GALICIA**

  
**Uninova**  
Iniciativas Empresariais Innovadoras

**USC**  
UNIVERSIDADE  
DE SANTIAGO  
DE COMPOSTELA

# argos 2019

CREANDO EQUIPOS  
EMPRENDEDORES

**DETRÁS DUN GRAN PROXECTO  
HAI UN GRAN EQUIPO**

ARGOS busca persoas dispostas a traballar en equipo, para acompañalos na construción do seu **ARGO**: un proxecto de negocio innovador, no que embarcarse na busca do seu futuro.

# CREANDO EQUIPOS EMPRENDEDORES EQUIPOS MULTIDISCIPLINARES, PROXECTOS DE EMPRESA INNOVADORES

Na mitoloxía grega Argos era un construtor de barcos. O veleiro Argo foi a nave que Jasón empregou co obxectivo de conseguir a pel do mitolóxico carneiro de ouro. Jasón e o seu equipo, os argonautas, conseguen afrontar multitude de complexas probas ate acadar o seu obxectivo.

O programa ARGOS busca, a través da creación de equipos multidisciplinares, construír proxectos de negocio innovadores capaces de afrontar os retos do mercado. O programa remata cun proceso de avaliación no que resultan premiados os proxectos con máis posibilidades de converterse nunha empresa viable.

## PORQUE CHE PODE INTERESAR?



- Traballarás nun proxecto proposto por ti ou escollido coas túas preferencias.
- Poranse a túa disposición ideas de negocio baseadas en resultados de investigación da Universidade de Santiago de Compostela e así como ideas empresariais aportadas por empresas do contorno de Santiago e de Lugo.
- Formarás parte dun equipo multidisciplinar no que cada un aportará os seus coñecementos, competencias e habilidades.
- Contarás con axuda e mentorización para facer o plan de negocio ("aprender facendo")
- Terás acceso a espazos de traballo colaborativo (co-working) para desenvolver o teu proxecto en equipo.

Ao final do programa terás nas túas mans un proxecto de empresa que podería converterse na túa alternativa de futuro profesional.



## QUEN PODE PARTICIPAR?



Os seguintes colectivos pertencentes á USC:

- Alumnos/as de posgrao, máster ou doutoramento.
- Persoas egresada das últimas promocións.
- Persoal colaborador ou integrado en grupos de investigación.
- Alumnos/as do último ano de licenciatura ou grao.

## PROGRAMA



Enrólate.

**Ata o 8 de novembro**

Inscríbete no programa aportando un breve CV no que nos contes ademais da túa formación e experiencia, todas aquelas actividades extra-académicas que consideres salientables. Facilitarémolche información on-line sobre innovación en emprendemento.



## FASE 0: ENTREVISTA PERSOAL E SELECCIÓN DE PARTICIPANTES



Entre o **18 e o 22 de novembro**

realizarase unha entrevista persoal con cada unha das persoas inscritas no programa coa finalidade de realizar a selección final de participantes e ideas propias a presentar.

A selección final será comunicada na segunda semana de novembro.

## FASE I: PRESENTACIÓN DE IDEAS DE NEGOCIO E CONSTITUCIÓN DE EQUIPOS



O **2 de decembro** exporanse brevemente os resultados de investigación, postos a disposición polo programa ARGOS así como as ideas de negocio propias dos participantes seleccionadas.

**5 de decembro**, comunicación á organización dos proxectos nos que estás interesado co obxecto de formar os equipos.

O **11 de decembro**,

farase a proposta de asignación de equipos, formados por 4-5 persoas e cada equipo deberá contar cun participante con coñecementos previos de xestión e administración de empresas.



## FASE II: SESIÓNS FORMATIVAS E ADESTRAMENTO PARA O TRABALLO EN EQUIPO



A segunda fase do Programa ARGOS desenvolverase ao longo da **segunda ou terceira semana de decembro**. Na que terá lugar unha sesión de adestramento en exterior (outdoor training) no que ao longo dun día se potenciará a dinámica de traballo en equipo ademais de participar nunha acción formativa de dúas horas de duración sobre "Traballo en equipo".

## FASE III: DESENVOLVEMENTO TITORIZADO DO PLAN DE EMPRESA



Os equipos baixo a titorización de persoal experto asignado polo programa ARGOS desenvolverán o seu plan de empresa elixido, que deberán entregar antes do **8 de maio de 2020**. Para iso contarán:

- Titorización individualizada por equipo.
- Axuda de persoal experto da USC nos diferentes ámbitos de coñecemento.
- Sesións formativas para aprender facendo.
- Visitas a empresas do entorno local.
- Espazo de traballo colaborativo (co-working) para os equipos.

## AVALIACIÓN FINAL E PREMIOS



Os plans de empresa serán presentados ante un Xurado formado por representantes da USC e das entidades colaboradoras para a súa valoración e outorgamento de ata 6.000€ en premios repartidos en dúas categorías:

**ARGOS SPIN**, ao que optarán os plans de empresa desenvolvidos a partir de algún dos resultados de investigación da USC.

**ARGOS ENXEÑO**, no que competirán os plans xurdidos de ideas de negocio aportadas polas persoas participantes no programa.

**argos** 2019  
CREANDO EQUIPOS  
EMPRENDEDORES